

Aglaónike

(Tesalia, Grecia, S. V a.N.E.)



Considérase unha das primeiras astrónomas da antigüidade. Estudou Astronomía en Mesopotamia.

Foi sacerdotisa da deusa Hécate, autora de numerosos tratados e ata Mestra de Ciencias Naturais e de Fenómenos Celestes.

A súa capacidade para *predicir eclipses* cunha gran precisión fíxoa famosa no seu tempo.

Un cráter de Venus leva o seu nome.

Posteriormente, como consecuencia da prevalencia da filosofía de Aristóteles –quen declarou que as mulleres non podían ser consideradas cidadás, e dubidou da súa capacidade científica– pasou á historia como unha suma sacerdotisa, que no canto de predicir, tiña poderes para acender ou apagar a Lúa e o Sol cando se lle antollaba; polo que pasou a ser coñecida como «Quen podía facer desaparecer a Lúa».